

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AS TELLEIRAS  
CURSO: 3º ESO  
MATERIA: TECNOLOGÍAS  
DEPARTAMENTO: TECNOLOGÍA  
DATA: 7 / 5 / 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

Tempor.	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe imprescindibles	Grao mínimo de consecución e competencias imprescindibles
1ª avaliación	<b>Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos</b>			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• ¿Qué é a tecnoloxía? A actividade técnica. (TEC1.1.1)</li> <li>• Relación da tecnoloxía e outras áreas do coñecemento, como a ciencia e a técnica.</li> <li>• Evolución histórica da tecnoloxía. (TEC1.1.1)</li> <li>• O proceso tecnolóxico: fases da elaboración dun produto. (TEB1.1.1)</li> <li>• Deseño, planificación e construción de maquetas ou prototipos. (TEB1.1.1) (TEB1.2.2)</li> <li>• Elaboración da documentación necesaria para o desenvolvemento do proxecto. (TEB1.2.1.)</li> <li>• Xestión axeitada das ferramentas e instalacións da aula-taller. (TEB1.2.2.)</li> <li>• Impacto medioambiental do desenvolvemento tecnolóxico: contaminación. (TEB1.2.3.)</li> </ul>	<p><b>B1.1.</b> Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización, investigar a súa influencia na sociedade e propor melloras desde o punto de vista tanto da súa utilidade como do seu posible impacto social.</p> <p><b>B1.2.</b> Realizar as operacións técnicas previstas nun plan de traballo utilizando os recursos materiais e organizativos con criterios de economía, seguridade e respecto polo ambiente, e valorando as condicións do contorno de traballo.</p>	<p><b>TEB1.1.1. Diseña un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.</b></p> <p><b>TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.</b></p> <p><b>TEB1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.</b></p>	<p>É quen de entender a necesidade de planificación e preparación previa á elaboración de calquera produto tecnolóxico e segue de xeito ordenado tal metodoloxía na realización de proxectos sinxelos.</p> <p>Traballa en grupo de forma respectuosa e responsable, repartindo tarefas e colaborando cos outros para o ben común.</p> <p>Pon en valor o traballo manual e entende como as diferentes tecnoloxías van cambiando o mundo que coñecemos.</p> <p>CD CMCCT CCL CAA CSIEE CSC CCEC</p>

Bloque 2. Expresión e comunicación técnica				
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración e interpretación de esbozos e bosquejos como elementos de información dun produto. (TEB2.1.1.)</li> <li>• Medición e acotación. (TEB2.1.1.)</li> <li>• Emprego de ferramentas informáticas de deseño gráfico ou simulación. (TEB2.1.2.)</li> <li>• Elaboración e interpretación de vistas diédricas dun obxecto tecnolóxico. (TEB2.1.1., TEB2.1.2.)</li> </ul>	<p>B2.1. Interpretar esbozos e bosquejos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.</p> <p>B2.2. Explicar, mediante documentación técnica, as fases dun produto desde o seu deseño ata a súa comercialización.</p>	<p><b>TEB2.1.1. Interpreta esbozos e bosquejos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.</b></p> <p><b>TEB2.2.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo empregando software específico de apoio.</b></p>	<p>É quen de interpretar e reproducir un obxecto en 3D sobre un papel, e de poñerlle medidas seguindo as normas básicas de acotación.</p> <p>Coñece e emprega algún software de deseño e debuxo.</p> <p>CD CMCCT CCL CAA</p>
Bloque 3. Materiais de uso técnico				
2ª avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Materiais de uso técnico (II): cerámica, vidro, plásticos e materiais de construción. (TEB3.1.1.)</li> <li>• Propiedades, variedades e aplicacións destes materiais. Identificación. (TEB3.1.1., TEB3.1.2.)</li> <li>• Os novos materiais e a súa repercusión no medioambiente. (TEB3.1.1., TEB3.1.2.)</li> <li>• Solucións tecnolóxicas ó problema da contaminación. (TEB3.1.1., TEB3.1.2.)</li> <li>• Análise do uso das materias primas ó longo da historia. (TEB3.1.1., TEB3.1.2.)</li> <li>• Selección dun material para a elaboración dun produto. (TEB3.1.1., TEB3.1.2.)</li> </ul>	<p>B3.1. Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos recoñecendo a súa estrutura interna e relacionándoa coas propiedades que presentan e as modificacións que se poidan producir.</p>	<p><b>TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico, comparando as súas propiedades.</b></p> <p><b>TEB3.1.2. Explica as técnicas de identificación das propiedades mecánicas dos materiais de uso técnico.</b></p>	<p>Identifica os materiais dos que están feitos moitos obxectos que son empregados a cotío, e é capaz de comparar as propiedades duns e doutros. Selecciona o máis axeitado para calquera aplicación.</p> <p>CCL CAA CSIEE CSC</p>

Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación e organización da información mediante o procesador de textos. (TEB5.3.2., TEB5.3.3. TEB2.1.1).</li> <li>• Formatos de textos, marcos e inserción de imaxes, creación de táboas, listas de contidos, títulos, encabezamentos e pes de páxinas, comentarios, pes de imaxes. (TEB5.3.2., TEB5.3.3).</li> <li>• Elaboración dos documentos do proxecto empregando o procesador de textos. (TEB5.3.2., TEB5.3.3. TEB2.1.2).</li> <li>• Valoración de importancia dos ordenadores na vida actual dos países desenvolto. (TEB5.3.2., TEB5.3.3).</li> <li>• Valoración da utilidade do ordenador como ferramenta de información, comunicación e investigación. (TEB5.3.2., TEB5.3.3).</li> </ul>	<p>B5.3. Utilizar un equipo informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos.</p>	<p><b>TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.</b></p> <p><b>TEB2.2.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo empregando software específico de apoio.</b></p> <p><b>TEB5.3.1. Instala e manexa programas e software básicos.</b></p> <p><b>TEB5.3.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.</b></p> <p><b>TEB5.3.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos con equipamentos informáticos.</b></p>	<p>Relaciona o ordenador con diferentes ambientes de traballo e de vida e as súas diferentes utilidades, ó tempo que domina as ferramentas informáticas para o tratamento de textos e presentación de datos.</p> <p>CD CMCCT CCL CAA CSC</p>
Bloque 5. Tecnoloxías da información e a Comunicación			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación e organización da información. (TEB5.3.2.) (TEB5.3.1.)</li> <li>• Presentacións: creación de diapositivas, inserción de títulos, plantillas, efectos de</li> </ul>	<p>B5.3. Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos.</p>	<p><b>TEB5.3.1. Instala e manexa programas e software básicos.</b></p> <p><b>TEB5.3.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.</b></p>	<p>Comprende a importancia das TICs e da Internet na sociedade global na que vivimos, como fonte de información actualizada e accesible, e valora os riscos e perigos potenciais que isto representa.</p>
ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020		PÁXINA 4 DE 9	CENTRO: IES AS TELLEIRAS CURSO: 3º ESO MATERIA: TECNOLOGÍAS

	<p>transicións entre diapositivas e efectos en obxectos, música e debuxos animados, interaccións, publicacións e exposición en público. (TEB5.3.3.)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Organización da información para presentala en público de xeito claro e conciso, proxectando fotografías, vídeos e gráficos automaticamente, manexando un programa de presentacións ofimáticas. (TEB5.3.2., TEB5.3.3.).</li> </ul>		<p><b>TEB5.3.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos con equipamentos informáticos.</b></p>	<p>CD CMCCT CCL CAA CSC</p>
3ª avaliación	<b>Bloque 4. Máquinas e sistemas</b>			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Circuitos eléctricos: función. Tipos: serie, paralelo, mixto. Lei de Ohm. (TEB4.1.1., TEB4.2.2.)</li> <li>• Compoñentes dun circuito eléctrico. Funcionamento e simboloxía. (TEB4.1.1., TEB4.2.2.)</li> <li>• Cálculo de magnitudes eléctricas básicas en circuitos eléctricos sinxelos. (TEB4.2.1., TEB4.2.2.)</li> <li>• Curtocircuíto.</li> <li>• Manexo do polímetro dixital para a medición de magnitudes eléctricas. (TEB4.2.1., TEB4.3.1., TEB4.3.2.)</li> <li>• Representación esquemática de circuitos.</li> </ul>	<p>B4.1. Relacionar os efectos da enerxía eléctrica e a súa capacidade de conversión noutras manifestacións enerxéticas.</p> <p>B4.2. Experimentar con instrumentos de medida e obter as magnitudes eléctricas básicas.</p> <p>B4.3. Diseñar e simular circuitos con simboloxía adecuada e montar circuitos con operadores elementais</p>	<p><b>TEB4.1.1. Explica os principais efectos da corrente eléctrica e a súa conversión.</b></p> <p><b>TEB4.2.1. Utiliza os instrumentos de medida para coñecer as magnitudes eléctricas de circuitos básicos.</b></p> <p><b>TEB4.2.2. Calcula as magnitudes eléctricas básicas en circuitos eléctricos sinxelos.</b></p> <p><b>TEB4.3.2. Diseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.</b></p>	<p>Identifica os operadores eléctricos máis representativos que se atopan na aula taller e coñece o seu uso. Ademais é capaz de deseñar e construír os seus propios operadores. Monta circuitos eléctricos sinxelos partindo dos esquemas correspondentes e resolve problemas numéricos.</p> <p>CD CMCCT CCL CSC</p>

	<p>(TEB4.1.1., TEB4.2.2., TEB4.3.1., TEB4.3.2.)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Definición de estratexias para diminuí-lo consumo de electricidade na sociedade actual.</li> <li>Cálculo da potencia e da enerxía eléctrica consumida. Efecto Joule. (TEB4.1.1., TEB4.2.2.)</li> </ul>			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>O ordenador: hardware e software. (TEC5.1.1.)</li> <li>Elementos dun equipo informático: placa base, memorias, microprocesador, fonte de alimentación, sistemas de almacenamento. (TEC5.1.1.)</li> <li>Identificación, montaxe e desmontaxe das partes dun ordenador. (TEC5.1.1.)</li> <li>Periféricos: de entrada e saída de datos. (TEC5.1.1.)</li> <li>Controladores e drivers. Conexións. (TEC5.1.1.)</li> </ul>	<p>B5.1. Distinguir as partes operativas dun equipamento informático.</p> <p>B5.2. Utilizar de forma segura sistemas de intercambio de información.</p> <p>B5.3. Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos.</p>	<p><b>TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador e é capaz de substituír e montar pezas clave.</b></p>	<p>Recoñece as distintas partes do ordenador e os seus periféricos.</p> <p>CD CMCCT CCL CSC</p>

<b>1. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprego de programas informáticos que simulen condicións reais de diferentes sistemas.</li> <li>• Boletíns de exercicios.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:          Unha vez avaliadas as actividades de recuperación para aqueles alumnos que tivesen algunha avaliación suspensa, farase a media das dúas primeiras avaliacións, e engadiráselle un punto a esa nota se o alumno continuou traballando na terceira avaliación, entregando algunha das actividades propostas. Se o alumno amosa un grande esforzo presentando todas as actividades propostas na terceira avaliación en prazo e acadando nelas a excelencia, engadiráselle á nota media das dúas primeiras avaliacións, dous puntos.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Dependendo das condicións sanitarias, en setembro realizarase unha proba única que englobará contidos das dúas primeiras avaliacións, atendendo aos estándares mínimos xa indicados. A nota da proba será a de a avaliación extraordinaria de setembro.</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>N Neste presente curso, temos un alumno en 4º ESO coa materia de Tecnoloxías pendente de 3º ESO. Para recuperar a materia, propuxémoslle a realización de boletíns de exercicios acordes cos estándares da materia do curso pasado. Facendo o seguimento pertinente do seu traballo e evolución, o alumno presentou antes do comezo do estado de alarma as súas tarefas, acadando unha avaliación positiva na mesma, cunha nota de 6. O alumno foi informado pola Xefa de Departamento vía correo electrónico.</p>



## 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p><b>Actividades</b></p>	<p><b>Tarefas de recuperación</b>          Para aqueles alumnos que fixeron a proba de recuperación da primeira avaliación e non a superaron, se lles propuxo a realización dun boletín de actividades acordes cos contidos e estándares mínimos antes especificados, de xeito que o alumno que obteña unha avaliación positiva neste boletín terá un 5 como nota da primeira avaliación. Para aqueles alumnos coa segunda avaliación suspensa e que dadas as especiais circunstancias sanitarias son tiveron a oportunidade de facer aproba de recuperación prevista na programación, as actividades de recuperación serán personalizadas e adaptadas a cada alumno, de xeito que os alumnos terán de novo a posibilidade de presentar aquelas actividades que non entregaron ou nas que tiveron unha cualificación negativa. A nota de recuperación será de 5.</p> <p><b>Tarefas de ampliación</b>          As unidades didácticas previstas para tratar nesta terceira avaliación son “Electricidade” e “O ordenador e os periféricos”. Xa que a materia de Tecnoloxía é optativa no seguinte curso, parece imprescindible continuar cos contidos previstos na programación para completar a formación tecnolóxica dos alumnos, que tan útil está a ser nestes tempos de confinamento. Como actividades, os alumnos resolverán e presentarán boletíns de exercicios relacionados cos estándares propios destas unidades.</p>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p>Para traballar as actividades propostas neste período de confinamento, comezamos as unidades didácticas cunha introdución a través dun videotutorial, para repasar e poñer en valor os coñecementos que os alumnos xa teñen en relación coa unidade. Do mesmo xeito, poñemos a disposición dos alumnos presentacións nas que se recollen dunha forma amena todos os contidos que os alumnos teñen que traballar. Para rematar a unidade, os alumnos resolven e respostan cuestionarios ou boletíns de exercicios, que serven para reforzar e afondar nos seus coñecementos e traballar as competencias básicas. Estes boletíns son corrixidos polo profesor e a corrección, enviada ao alumno como sistema de retroalimentación. Pódense realizar videoconferencias para a resolver dúbidas.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>Libro de texto, presentacións e videotutoriais, boletíns de actividades e cuestionarios, software específico.</p>

### 3. Información e publicidade

<p><b>Información ao alumnado e ás familias</b></p>	<p><b>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</b></p> <p>Todos os materiais son postos á disposición do alumnado a través da aula virtual do centro, onde contan ademais de co material específico para traballar as diferentes unidades didácticas, con enlaces e referencias a outros contidos de interese e mesmo, con enlaces aos libros de texto suxeridos no curso.</p> <p>Por outra banda, tamén contamos como vía de comunicación aberta constantemente para trasladar información ao alumnado e recibir información deles, coa conta de correo electrónico do dominio telleiras.org, propia do noso centro e que restrinxe o intercambio de información a alumnos e profesores do centro. Tamén dispoñemos da conta de correo corporativa edu.xunta.es para comunicarnos cos alumnos e familias.</p> <p>Por último, contamos coa realización de videoconferencias cos alumnos a través da plataforma Cisco Webex</p>
<p><b>Publicidade</b></p>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>